



**CONCELLO DA RÚA**

[www.arua.gal](http://www.arua.gal)

Tel. 988310116 Fax. 988311321  
Correo electrónico. [info@arua.gal](mailto:info@arua.gal)  
Praza José Antonio Míguez Freire, 2  
32350 A RÚA

---

## **BASES CONCURSO CARTEL FESTAS VERÁN 2017**

- 1.- Os orixinais axustaranse a temas relacionados coas Festas de Verán da Rúa, podendo tomar parte todas aquelas persoas que o desexen, aportando unha soa obra por autor/a, baixo a condición que sexan traballos orixinais.
- 2.- O concurso dividirase en dúas categorías: Primeira categoría: Concurstantes maiores dos dezaseis anos. Segunda categoría: concursantes de ate quince anos.
- 3.- O prazo para a presentación de orixinais conclúe o 19 de Maio.
- 4.- As/os concursantes remitirán os orixinais ao Concello da Rúa e poderán facelo por correo ou entrega en man, indicando no exterior "**Concurso Cartel Festas Verán 2017**".
- 5.- O Concello non se responsabiliza de posíbeis danos, perdas, nin da devolución das obras unha vez concluído o concurso.
- 6.- Os Carteis presentaranse sen sinatura do autor, baixo un pseudónimo que libremente escollan as/os súas/seus autoras/es, debendo constar por escrito no dorso da obra, achegando un sobre pechado no que reflexe na súa parte exterior o lema de referencia, e conteña, escrito a ordenador, máquina ou letra lexible, os datos persoais da/o autor/a (nome e apelidos, domicilio, poboación, teléfono, e-mail, etc.) e fotocopia do DNI.
- 7.- As obras deberán ter obrigatoriamente un tamaño de Din A3 e o seguinte texto (o Concello engadirá o seu escudo oficial): **FESTAS VERÁN 2017 A RÚA**
- 8.- O Xurado estará composto polo concelleiro de Cultura, e catro vogais que serán as/os encargados de seleccionar as/os gañadoras/es en cada categoría. Ao rematar dita elección, manterase o anonimato da autoría de cada obra.
- 9.- O membros do Xurado non poderán tomar parte no concurso.



**CONCELLO DA RÚA**

[www.arua.gal](http://www.arua.gal)

Tel. 988310116 Fax. 988311321  
Correo electrónico. [info@arua.gal](mailto:info@arua.gal)  
Praza José Antonio Míguez Freire, 2  
32350 A RÚA

- 
- 10.- O concurso poderase declarar deserto por acordo do Xurado.
- 11.- A Resolución do Xurado será inapelábel
- 12.- Os premios serán os seguintes:
- Primeira Categoría (maiores de dezaseis anos): 150 euros, sendo o cartel anunciador das Festas de Verán A Rúa 2017.
  - Segunda Categoría (ate quince anos inclusive): vale de 50 euros.
- 13.- Dos carteis presentados ó concurso, o Concello de A Rúa poderá efectuar en todo momento cantas reproducións precise para o seu libre uso, sen que os seus autores poidan efectuar reclamación algunha.
- 14.- Rematado o concurso, os concursantes disporán dun mes para retirar os seus cartaces, menos os premiados, se os houber, que pasarán a ser propiedade municipal, igual que os que non sexan retirados (entendéndose que os seus autores renuncian a eles, perdendo todo dereito a reclamación ou indemnización. Os gastos de envío e devolución dos carteis serán por conta das/os concursantes.
- 15.- O Concello resérvase o dereito de organizar unha exposición pública con todos ou parte dos carteis concursantes, no local, datas e horario que oportunamente se determine. Neste suposto, a devolución dos carteis efectuarase no prazo de un mes, a contar dende a clausura de dita exposición.
- 16.- O Concello non se fai responsábel dos danos que poidan sufrir as obras presentadas durante o tempo que estean no seu poder ou no período de transporte das mesmas.

A Rúa, 17 de Abril de 2017

A Alcaldesa

